

Notación científica

Unidade 2: Os números e a súa utilidade II

Aula de informática

Obxectivos:

- Facer ver a conveniencia de escribir números moi grandes ou moi pequenos en notación científica.
- Interpretación e escritura de números en notación científica.

Instrucións para acceder ao material de traballo:

- ✓ Acceder á páxina principal do proxecto Descartes escribindo na barra de direccións: <http://descartes.cnice.mec.es>. Seleccionar a opción "Unidades Didácticas". Tamén podes acceder tecleando na barra de direccións http://descartes.cnice.mec.es/indice_ud.php.
- ✓ En cada apartado aparecerán os enlaces ás páxinas coas actividades propostas.

Indicacións:

1. Le detidamente cada un dos apartados e fai as actividades que se che propoñen.
2. Resposta nesta folla ás cuestións que se che fan e aos exercicios que se che propoñen, poñendo exemplos que axuden a comprender as respostas dadas.

Actividades

1. Potencias de 10

Na unidade de 4º ESO, "[Notación científica](#)", accede ao apartado "[Potencias de 10](#)" e realiza nesta folla as actividades que se propoñen.

2. Notación científica.

Accede agora a "[Notación científica](#)" e escribe aquí as túas respostas

3. Números grandes e números pequenos

Accede ao apartado "[Comparar números](#)". Le con atención e fai os exercicios propostos.

Como se sabe que un número en notación científica é grande? E se é pequeno?

Explica como se comparan números en notación científica.

4. A Notación científica en contextos reais.

Le con atención os apartados "[A través del telescopio](#)" e "[A través del microscopio](#)" e fai as actividades propostas.

Escribe en notación científica os seguintes números:

Masa da terra en Kg.:

Radio da nosa galaxia en Km.:

Masa dun electrón en gramos:

Diámetro dun átomo en metros:

5. A notación científica con calculadora

Accede ao apartado "[Calculadora](#)" e fai as actividades que se propoñen.